



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento interno do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: os derivados da inexistencia dunha regulación do funcionamento e xestión da instalación: protexer o viario público por actividades que debido a súa intensidade e incidencia no seu uso poidan supor unha ameaza ao seu bo estado de conservación. Esta é a finalidade desta Ordenanza recuperar o equilibrio entre a actividade económica relacionada coa saca de madeira o bo mantemento do dominio público viario así como a garantía da seguridade viaria dos veciños de Cabana de Bergantiños.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación: Esta ordenanza fundamentase no uso das competencias que lle atribúe ó Concello os artigos 4.1.a), 25.2.d), e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.1 a), 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais.

Así mesmo, para a aplicación desta ordenanza mediante a presentación dunha comunicación previa fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas e nos artigos 84.c), 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

necesidade

c) Os obxectivos da norma: garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais do termo municipal de Cabana de Bergantiños, como consecuencia dos danos que podan ocasionar as tarefas de corta de plantacións e as operacións de saca, depósito e transporte de madeira

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: non existen.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal (www.concello-cabana.es/) e na sede electrónica municipal (<https://sede.concello-cabana.es/es/>), mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O alcalde. José Muíño Domínguez.

Documento asinado dixitalmente.